COLABORACIÓNS páxinas 3 a 9
COMPLEMENTARIAS páxinas 10 e 11
ESCOLARES páxinas 12 a 18
BIBLIOTECA páxinas 19 a 22
ANPA páxina 23

As secciónes bilíngües

É un proxecto que se enmarca nas directrices europeas nas que se recomenda que os cidadáns da Unión Europea aprendan dúas linguas da Unión, ademais da(s) súa(s) lingua(s) nacionais.
O noso centro a través da Resolución provisional do 17 de xullo de 2012, pola que se autorizan novas secciónes bilingües para o curso 2012/2013, foi autorizado a pór en marcha no vindeiro curso escolar nove secciónes bilingües, 3 en cada nivel de 4º a 6º de EP. A materia non lingüística que se impartirá nestes cursos será a de Plástica.
Con esta nova iniciativa pretendemos utilizar o inglés como vehículo de aprendizaxe e de coñecemento noutras áreas curriculares co obxectivo de desenvolver nos alumno/as o coñecemento e uso adecuado, tanto da lingua galega como do castelá e da lingua inglesa, nas súas manifestaciónes oral e escrita, que permitan aos alumnos/as adquirir a competencia comunicativa necesaria para desenvolverse en situaciónes cotiás, dando prioridade ás destrezas de escoitar (Listening) e falar (Speaking) para posteriormente ler (Reading) e escribir (Writing).

Este curso 2012-13 a Consellería de Educación e O.U. aprobou as Secciónes Bilingües no noso colexio.
O obxectivo fundamental deste proxecto, que dura dous anos, é a impartición nunha lingua estranxeira (neste caso inglés) de contidos de materias non lingüísticas. Elixiuse a Plástica e os niveis que participamos son 4º, 5º e 6º.
Deste xeito temos máis tempo á semana de inglés o que nos vale para comunicarnos, revisar e ampliar vocabulario, aprender sobre a cultura e as costumes doutros países, representar de forma artística a información sobre datas sinaladas,… por medio do traballo coa plástica.
Este curso compramos libro de plástica e un bloc de debuxo grande para dar renda solta á nosa creatividade.
Preparouse o taller de plástica nunha parte do salón de actos e temos ao lado un cuartiño para gardar o material, ademais de ter unha pileta para cando necesitamos usar a auga. As mesas son moi amplas e están adaptadas para poder levantar o soporte e pintar máis comodamente. Hai un problema: vai bastante frío no salón de actos porque é un espazo moi grande e non chega a calor dos radiadores.
Na nosa opinión é unha boa forma de aprender inglés aproveitando outros espazos e tempos na escola. E sobre todo para os/as alumnos/as de 6º para que no instituto nos desenvolvamos ben na lingua estranxeira en todas as áreas que se imparten nesta lingua. A nós gustaríanos que todos os alumnos aprendan e disfruten este idioma tan importante no mundo actual.

Belén Valle, Álvaro Vila e Andrés Rodríguez 6º C